

# INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Cuarto trimestre de 2021

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2022

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Cuarto trimestre de 2021

- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 4,5% no cuarto trimestre de 2021; no conxunto de España a taxa foi do 4,4%. O custo laboral total en Galicia é de 2.664,80 euros, 209,8 euros inferior á media nacional (2.874,61 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 4,4% no cuarto trimestre de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 5,1%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.983,39 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 2.165,79 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 3,4% en Galicia e un 0,3% en España no cuarto trimestre do ano.
- O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Cantabria.
- A xornada semanal media pactada é de 35,1 horas semanais en Galicia e de 34,7 horas en España.


Custo laboral. Cuarto trimestre de 2021			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
4.5	Custo total	2.664,80	4,5
3,3	Custo salarial total	1.983,39	4,4
0,6	Outros custos	681,41	4,7
0,7	Cotizacións obligatorias	611,70	2,5
0,1	Percepcións non salariais	85,40	27,9
	Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	15,69	19,0

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

## 1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 4,5% no cuarto trimestre de 2021; no conxunto de España a taxa foi do 4,4%. O custo laboral total en Galicia é de 2.664,80 euros, 209,8 euros inferior á media nacional (2.874,61 euros).

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- **O Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acadando os 1.983,39 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 4,4%. En España, o custo salarial crece un 5,1%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 4,8% en Galicia, acadando os 1.651,31 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.780,03 euros, cun incremento do 5,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- **Os Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obligatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 681,41 euros en Galicia, co que aumentan un 4,7%; en España crecen un 2,6%, ata os 708,82 euros.

## 2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta na construcción e nos servizos mentres que diminúe na industria.

Na **Industria** o Custo total diminúe un 0,2%, debido á redución do Custo salarial total, -1,1%; os Outros custos aumentan un 2,8%.

INDUSTRIA. Cuarto trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
-0.2	Custo total	3.210,1	-0,2
-0.8	Custo salarial total	2.408,2	-1,1
	Outros custos	801,9	2,8
-0.2	Cotizaciós obligatorias	711,6	-0,8
0.8	Percepcións non salariais	104,0	35,3
0.0	Subvencións e bonificaciós <sup>(1)</sup>	13,7	-4,6

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

O Custo total na **Construcción** aumenta un 6,3%, crecendo o Custo salarial total un 7,1% e os Outros custos un 4,3%.

CONSTRUCCIÓN. Cuarto trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
6.3	Custo total	2.939,0	6,3
5.0	Custo salarial total	2.094,8	7,1
	Outros custos	844,1	4,3
0.7	Cotizaciós obligatorias	728,1	2,8
0.7	Percepcións non salariais	130,5	17,5
0.2	Subvencións e bonificaciós <sup>(1)</sup>	14,4	44,8

<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 6,1% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 6,2% e dos Outros custos, 5,6%.

SERVIZOS. Cuarto trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	6,1	Custo total	2.514,6
4,6		Custo salarial total	1.875,8
		Outros custos	638,8
0,9		Cotizacións obligatorias	578,1
0,7		Percepcións non salariais	77,0
0,1		Subvencións e bonificacións <sup>(1)</sup>	16,3
<sup>(1)</sup> As subvencións subtráense dos outros custos			23,2

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior á media nacional; mentres que na Construción o custo é superior en Galicia en máis de 40 euros.

### 3. Tempo de traballo

No cuarto trimestre de 2021, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,1 horas semanais, e destas, pérdense 6,2 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,7 horas, das que se perden 5,8 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 29,0 horas semanais en Galicia e de 29,1 horas no conxunto do Estado.


O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 3,4% e en España un 0,3%.

Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2021		
	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>		
Custo laboral total	21,1	3,4
Custo salarial total	15,7	3,4
Outros custos	5,4	3,6
<b>España</b>		
Custo laboral total	22,7	0,3
Custo salarial total	17,1	0,9
Outros custos	5,6	-1,6

Fonte: INE

#### 4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 4,4% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




#### 5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que supera en máis de 400 euros á media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades agás en Cantabria (-3,9%). Os maiores incrementos prodúcense en Canarias (12,6%) e Illes Baleares (9,5%).

## Custo laboral total. 4º trimestre de 2021

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta aldea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

**Custo laboral:** custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

**Custo salarial:** comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta aldea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

**Outros custos:** inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obligatorias á Seguridade Social.

**Hora efectiva:** son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

**Custo laboral por traballador e mes:** mide o custo que supón para o empresario雇用 a un traballador durante un mes.

**Custo laboral por hora efectiva de traballo:** mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

## Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Cuarto trimestre de 2021

	Total		Industria		Construcción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual						
<b>Galicia</b>								
Custo laboral total	2.664,80	4,5	3.210,12	-0,2	2.938,96	6,3	2.514,60	6,1
Custo salarial total	1.983,39	4,4	2.408,23	-1,1	2.094,82	7,1	1.875,77	6,2
Custo salarial ordinario	1.651,31	4,8	1.817,30	-1,4	1.736,09	5,0	1.605,46	6,8
<b>Outros custos</b>	<b>681,41</b>	<b>4,7</b>	<b>801,89</b>	<b>2,8</b>	<b>844,14</b>	<b>4,3</b>	<b>638,83</b>	<b>5,6</b>
Cotizacións obligatorias	611,70	2,5	711,58	-0,8	728,05	2,8	578,11	3,7
Percepcións non salariais	85,40	27,9	104,01	35,3	130,51	17,5	76,98	27,8
Subvencións e bonificacións	15,69	19,0	13,70	-4,6	14,41	44,8	16,26	23,2
<b>España</b>								
Custo laboral total	2.874,61	4,4	3.341,64	1,4	2.895,69	-0,3	2.790,46	5,5
Custo salarial total	2.165,79	5,1	2.488,90	1,9	2.093,51	-1,1	2.114,14	6,3
Custo salarial ordinario	1.780,03	5,2	1.982,00	1,8	1.707,30	1,6	1.749,84	6,2
<b>Outros custos</b>	<b>708,82</b>	<b>2,6</b>	<b>852,74</b>	<b>0,0</b>	<b>802,18</b>	<b>1,9</b>	<b>676,32</b>	<b>3,2</b>
Cotizacións obligatorias	653,06	2,9	776,75	1,0	729,95	1,4	625,37	3,5
Percepcións non salariais	72,29	-0,6	93,20	-7,7	84,90	7,3	67,63	0,5
Subvencións e bonificacións	16,52	0,9	17,21	-1,9	12,68	5,8	16,69	1,2

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Cuarto trimestre de 2021

	Total		Industria		Construcción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
<b>Galicia</b>								
Custo laboral total	21,1	3,4	23,9	1,9	21,4	7,3	20,4	3,9
Custo salarial total	15,7	3,4	18,0	1,0	15,2	8,2	15,2	4,0
Custo salarial ordinario	13,1	3,7	13,6	0,6	12,6	6,1	13,0	4,5
Outros custos	5,4	3,6	6,0	4,9	6,1	5,3	5,2	3,4
<b>España</b>								
Custo laboral total	22,7	0,3	24,6	0,8	20,6	-0,5	22,5	0,3
Custo salarial total	17,1	0,9	18,4	1,3	14,9	-1,3	17,1	1,0
Custo salarial ordinario	14,1	1,0	14,6	1,1	12,1	1,3	14,1	0,9
Outros custos	5,6	-1,6	6,3	-0,6	5,7	1,4	5,5	-2,0

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes<sup>1</sup>. Cuarto trimestre de 2021

	Total		Industria		Construcción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas						
<b>Galicia</b>								
Ambas xornadas	<b>29,0</b>	<b>6,2</b>	<b>30,8</b>	<b>7,3</b>	<b>31,7</b>	<b>7,0</b>	<b>28,4</b>	<b>5,9</b>
Tempo completo	32,2	6,9	30,8	7,7	32,3	7,2	32,2	6,7
Tempo parcial	17,3	3,5	19,7	3,6	18,7	3,2	17,1	3,5
<b>España</b>								
Ambas xornadas	<b>29,1</b>	<b>5,8</b>	<b>31,2</b>	<b>6,9</b>	<b>32,3</b>	<b>5,7</b>	<b>28,5</b>	<b>5,6</b>
Tempo completo	32,4	6,5	32,3	7,2	33,4	6,0	32,3	6,4
Tempo parcial	17,7	3,1	18,5	3,1	18,9	2,4	17,6	3,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

<sup>1</sup> A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Cuarto trimestre de 2021

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>2.874,6</b>	<b>113,1</b>	<b>4,4</b>	<b>22,7</b>	<b>114,9</b>	<b>0,3</b>
Andalucía	2.530,5	110,4	3,5	20,2	112,0	-1,2
Aragón	2.806,3	116,2	4,0	22,4	117,0	-0,6
Asturias	2.875,0	111,8	0,3	23,9	117,2	-3,3
Balears, Illes	2.746,9	115,3	9,5	21,6	120,9	0,7
Canarias	2.358,9	109,2	12,6	18,7	113,4	-1,6
Cantabria	2.635,5	108,5	-3,9	21,2	114,3	-3,7
Castilla y León	2.630,9	113,2	2,3	21,2	114,7	-2,1
Castilla-La Mancha	2.568,4	113,6	3,6	20,3	114,6	3,8
Cataluña	3.085,2	114,6	5,7	24,3	116,0	1,9
Comunitat Valenciana	2.571,4	113,6	4,8	20,3	114,2	2,3
Extremadura	2.301,3	109,7	1,9	18,7	111,8	-0,7
<b>Galicia</b>	<b>2.664,8</b>	<b>118,5</b>	<b>4,5</b>	<b>21,1</b>	<b>121,5</b>	<b>3,4</b>
Madrid	3.363,5	111,8	4,5	25,8	113,8	-0,8
Murcia	2.674,4	115,4	3,9	21,1	117,1	2,1
Navarra	3.118,3	117,5	0,3	25,7	119,5	-0,9
País Vasco	3.383,0	114,8	3,4	27,7	114,1	0,3
Rioja, La	2.615,1	111,7	4,0	21,3	114,7	2,6

Fonte: INE

**Cadro 5.- Custo salarial. Cuarto trimestre de 2021**

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>2.165,8</b>	<b>114,1</b>	<b>5,1</b>	<b>17,1</b>	<b>116,0</b>	<b>0,9</b>
Andalucía	1.885,6	111,1	3,8	15,0	112,7	-0,9
Aragón	2.095,0	116,8	3,5	16,7	117,6	-1,1
Asturias	2.174,4	112,6	1,6	18,0	118,1	-2,1
Baleares, Illes	2.064,8	117,4	10,3	16,2	122,9	1,5
Canarias	1.742,4	109,6	14,1	13,8	113,8	-0,3
Cantabria	1.980,2	109,5	-3,7	15,9	115,5	-3,6
Castilla y León	1.991,2	115,9	3,1	16,0	117,3	-1,3
Castilla-La Mancha	1.903,7	114,0	4,5	15,0	114,9	4,7
Cataluña	2.333,4	115,7	6,7	18,4	117,2	2,9
Comunitat Valenciana	1.913,8	113,6	4,9	15,1	114,3	2,4
Extremadura	1.732,8	111,3	2,7	14,1	113,4	0,1
<b>Galicia</b>	<b>1.983,4</b>	<b>119,8</b>	<b>4,4</b>	<b>15,7</b>	<b>122,9</b>	<b>3,4</b>
Madrid	2.582,1	113,3	5,5	19,8	115,3	0,1
Murcia	2.002,0	116,1	3,7	15,8	117,8	1,9
Navarra	2.347,0	119,4	0,3	19,3	121,5	-0,9
País Vasco	2.535,8	115,1	3,8	20,8	114,5	0,7
Rioja, La	1.959,0	111,8	3,8	15,9	114,8	2,4

Fonte: INE

**Cadro 6.- Outros custos. Cuarto trimestre de 2021**

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
<b>España</b>	<b>708,8</b>	<b>110,1</b>	<b>2,6</b>	<b>5,6</b>	<b>111,8</b>	<b>-1,6</b>
Andalucía	644,9	108,4	2,4	5,1	110,1	-2,1
Aragón	711,3	114,4	5,5	5,7	115,2	0,7
Asturias	700,7	109,1	-3,5	5,8	114,6	-6,9
Baleares, Illes	682,1	109,5	7,1	5,4	115,2	-1,5
Canarias	616,5	108,0	8,7	4,9	112,2	-5,0
Cantabria	655,4	105,4	-4,2	5,3	111,0	-4,0
Castilla y León	639,7	105,6	-0,1	5,2	107,1	-4,5
Castilla-La Mancha	664,7	112,7	1,3	5,3	113,6	1,5
Cataluña	751,8	111,5	2,9	5,9	112,5	-0,8
Comunitat Valenciana	657,7	113,4	4,4	5,2	113,8	2,0
Extremadura	568,6	105,3	-0,6	4,6	107,2	-3,4
<b>Galicia</b>	<b>681,4</b>	<b>114,9</b>	<b>4,7</b>	<b>5,4</b>	<b>117,6</b>	<b>3,6</b>
Madrid	781,4	107,1	1,4	6,0	109,1	-3,7
Murcia	672,4	113,5	4,4	5,3	115,0	2,5
Navarra	771,4	111,9	0,2	6,4	114,0	-0,9
País Vasco	847,2	113,8	2,2	6,9	113,1	-0,9
Rioja, La	656,1	111,5	4,6	5,3	114,4	3,1

Fonte: INE